

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

- 1445** *Orde APA/78/2020, do 23 de xaneiro, pola que se modifican o anexo III do Regulamento de protección de obtencións vexetais, aprobado mediante o Real decreto 1261/2005, do 21 de outubro, e o anexo XIV do Regulamento xeral do Rexistro de Variedades Comerciais, aprobado mediante o Real decreto 170/2011, do 11 de febreiro.*

A inscrición dunha variedade vexetal no Rexistro de Variedades Protexidas exige a realización dun exame técnico destinado a comprobar que pertence ao taxon botánico descrito e é distinta, homoxénea e estable, caso en que tamén se establecerá a descrición da variedade, segundo establece o punto primeiro do artigo 40 da Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, de réxime xurídico da protección das obtencións vexetais.

O punto terceiro deste artigo prevé que este exame se realizará baixo a responsabilidade do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, que poderá levalo a cabo directamente ou mediante acordo coas comunidades autónomas ou outras institucións españolas ou estranxeiras que leven a cabo tarefas similares.

O procedemento de inscrición no Rexistro de Variedades Comerciais tamén inclúe este exame técnico, para cuxa realización a Lei 30/2006, do 26 de xullo, de sementes e plantas de viveiro e de recursos fitoxenéticos, remite, no seu artigo 19, punto segundo, ás regras establecidas no citado artigo 40 da Lei 3/2000, do 7 de xaneiro.

Por tanto, o exame técnico, no que se refire á identificación varietal, é o mesmo para ambos os rexistros, de tal maneira que a propia Lei 30/2006, do 26 de xullo, prevé no punto terceiro do artigo 19 que os resultados deste exame obtidos para un dos rexistros serán considerados válidos para o outro.

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, segundo o artigo 32.3 da Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, exerce a competencia de relacións con outros Estados e organismos internacionais en materia de protección das obtencións vexetais, e a Oficina Comunitaria de Variedades Vexetais (OCVV) é o organismo competente para protexer as obtencións vexetais con efectos en toda a Unión Europea. A OCVV acredita oficinas de exame dos Estados membros que, como a Oficina Española de Variedades Vexetais, realizan o exame técnico no seu nome. A acreditación para unha especie determinada comporta que a OCVV poida encargar á oficina de exame a realización do exame técnico dunha variedade desta especie, ou ben adquirir os resultados do exame realizado por esa oficina para os rexistros que sexan da súa competencia.

A OCVV estableceu un sistema de calidade destinado a controlar, planear e mellorar todos os elementos que constitúen o sistema de protección de variedades vexetais de ámbito comunitario, o que necesariamente inclúe o desempeño satisfactorio do exame técnico que realizan as oficinas de exame acreditadas. Este sistema de calidade estendeuse aos procedementos do Rexistro de Variedades Protexidas e ao Rexistro de Variedades Comerciais, que tamén prevé a realización de auditorías aos centros de exame.

A dificultade e a duración do exame técnico requiren que sexa executado baixo a dirección dun equipo técnico cualificado e experimentado, coa finalidade de ofrecer resultados sólidos e, se for o caso, descricións de calidade. A norma de calidade establece que este equipo técnico debe estar formado, ao menos, por un examinador principal, que estará apoiado por outro técnico. Ademais, precísase persoal de campo para acometer os labores culturais correspondentes a cada época do ano, dirixidos tamén á execución do exame técnico e á toma de datos.

No caso da vide, aos requisitos expostos para a correcta execución do exame técnico súmase a exigencia de manexar unha ampla colección de referencia viva, que integran as

variedades de coñecemento común, entre as que se encontran variedades protexidas a nivel nacional e comunitario, así como variedades inscritas no Rexistro de Variedades Comerciais e no Catálogo común da Unión Europea.

Á vista da experiencia adquirida na realización do exame técnico de vide durante os últimos anos, os medios postos á súa disposición, en particular os humanos, e o número crecente de solicitudes, tanto nacionais como para a OCVV, esta orde ten como obxectivo garantir un servizo eficaz e versátil aos obtentores de novas variedades desta especie, permitindo ademais que os resultados sexan aceptados por oficinas de exame de terceiros países, seguindo as directrices de cooperación da Unión Internacional para a Protección das Obtencións Vexetais (UPOV). Tamén se pretende seguir racionalizando a lista de variedades comerciais de vide, rexistrando variedades antigas que se foron recuperando, recoñecendo sinonimias e depurando as homonimias que se vaian cofecendo, cando sexa posible.

Por último, o manexo da colección de referencia co apoio das técnicas de marcadores moleculares tamén axudará a mellorar o control sobre a produción e comercialización de variedades de vide.

A presente norma adécuase aos principios de boa regulación recollidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Esta orde dítase con base na habilitación normativa contida na disposición derradeira segunda do Real decreto 1261/2005, do 21 de outubro, e na disposición derradeira cuarta do Real decreto 170/2011, do 11 de febreiro, que faculta a persoa titular deste departamento para modificar os anexos dos ditos reais decretos.

Na elaboración da presente disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo primeiro. *Modificación do Regulamento de protección de obtencións vexetais, aprobado polo Real decreto 1261/2005, do 21 de outubro.*

O número 7 do anexo III do Regulamento de protección de obtencións vexetais, aprobado polo Real decreto 1261/2005, do 21 de outubro, queda modificado como segue:

«Referencia	Enderezo
7	Instituto Murciano de Investigación e Desenvolvemento Agrario e Alimentario (IMIDA). r/ Maior, s/n. 30150 La Alberca (Murcia).»

Artigo segundo. *Modificación do Regulamento xeral do Rexistro de Variedades Comerciais, aprobado polo Real decreto 170/2011, do 11 de febreiro.*

O número 6 do anexo XIV do Regulamento xeral do Rexistro de Variedades Comerciais, aprobado polo Real decreto 170/2011, do 11 de febreiro, queda modificado como segue:

«Número	Especies	Enderezo
6	Vide	Instituto Murciano de Investigación e Desenvolvemento Agrario e Alimentario (IMIDA). r/ Maior, s/n. 30150 La Alberca (Murcia).»

Disposición derradeira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 23 de xaneiro de 2020.– O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, Luis Planas Puchades.